



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO MEIRAMA
Promotor	NATURGY RENOVABLES, SLU
Localización	CONCELLOS DE CERCEDA, CARRAL E ORDES
Expediente	IN408A 2018/27

SOLICITANTE : Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 03/02/2022 e número de rexistro de entrada 2022/206220, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 01/12/2021 .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral e tendo en conta a eliminación do aeroxenerador ME-10, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considérase que en xeral se proporcionou a información adicional requirida para avaliar o risco da saúde, e que se deseñaron as medidas adecuadas para o control e monitoreo dos impactos sobre a saúde humana, sendo inda insuficiente no referente os seguintes aspectos:



- Coa información da que dispomos, comprobase que existen zonas habitadas, que non están consideradas chan de uso industrial, nas que os valores preoperacionais xa superan os limiares establecidos no RD 1367/2007. Ademais, en dito estudo, apórtanse datos que non son concordantes, xa que nalgún dos receptores obtivéronse valores máis altos durante o período nocturno que no diúrno. Sinalase este situación sen menoscabo das competencias dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.
- Considerase necesario o desenvolvemento dun plan para o seguimento específico do efecto provocado polo parpadeo de sombras durante o primeiro ano para comprobar que non se superan os limiares establecidos. Sobre todo tendo en conta que os datos do estudo do efecto parpadeo para o "caso real" existen múltiples receptores que superan as 12 horas/ano. Nestes casos ademais, sería conveniente xustificar que esta superación non se vai a dar unha vez que o parque este en funcionamento. No caso de superar os limiares en algún/s receptor/es deberanse tomar as medidas protectoras, correctoras ou compensatorias adecuadas para cada caso particular.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

